

O primeiro congreso

VICTOR F. FREIXANES

O Congreso 1111ú

alega que escomenza o próximo 2 de maio no mosteiro de Poio é un esforzo de organización importante que ben merece ser salientado e aplaudido aquí, é unha oportunidade magnífica para reflexión colectiva sobre o feito literario na nosa sociedade, é un acontecemento que non ten precedentes na nosa vida literaria e pode e debe ser un acto de unidade e organización do colectivo de escritores, un sector sempre difícil, desacuñado, neurotizado... ¿Cómo establecer canles de discusión e traballo común? ¿Cómo unir e organizar esforzos respetando as posturas e prantexamentos de cada quén, conscientes das necesidades mais inmediatas, das urxencias que nos veñen enriba, sen esquecer os obxetivos a longo plazo? ¿Cómo superar os individualismos, o caciquismo dos pequenos grupellos, o poder cativo das capelas e cenáculos, as xenreiras personais cara obxetivos concretos e realizable que sómente se lograrán co esforzo común e a unidade? ¿Cómo levar a literatura e as súas mensaxes á sociedade galega, que parece arrenegar de si mesma tódolos días?

Veleiqui algunas preguntas. Hai moitas mais. Logo das xornadas do Congreso tempo e lugar haberá pra reflexionarmos sobre do que alí se faga. Pero agora, nas vísperas, eu quixera chemar a atención sobre algunas cuestiós que me parecen importantes.

Primeiro. O Congreso non é sómente o Congreso. Tamén está ai (responsable da organización) a Asociación de Escritores, unha asociación ainda moi nova, por consolidar, que precisa da seriedade, profesionalidade, sentido común e apoio xeneroso de todos pra botala pra adiante. A espectación que noutras literaturas e organizacions literarias ten despertado a nosa Asociación ben merece ese esforzo, que é un esforzo unitario entre tódolos escritories en Lingua Galega, sen exclusiós (nen autoexclusiós). Do Congreso, se as cousas se fan ben, pode sair moi afortalada a Asociación de Escritores Galegos. E sería o éxito mais grande que podríamos lograr.

Segundo. E a primeira vez que se prantexa a posibilidade de discutirmos organizadamente as nosas cuestiós. Ningún pode ser tan inxenuo que pense que as conclusiós posibles (se hai tal cousa) van a ser necesariamente vinculantes, pero si estamos dende dunha oportunidade de dialogar, discutir e argumentar sobre cuestiós moi diversas, todas elas relacionadas coa actividade literaria, oportunidade que endexamais se lle prantexou dunha maneira tan maplia e variada á literatura galega. Da participación das posturas mais vidersas (dentro do elemental respeto mútuo en calquera sociedade civilizada) van depdende tamén as conclusiós e a autoridade moral de tanto esforzo. Non deberían estar xustificadas, pois, nen as descalificacións apriorísticas e sectarias nen as autoexclusiós (tan apriorísticas e esterilizadoras coma as primeiras).

Terceiro. O Congreso é a primeira grande oportunidade de dar unha doble imaxe seria e organizada da literatura galega. Por unha banda fora da nosa realidade cultural, dado o interés e a asistencia de invitados. Compre pensar nunha literatura galega (e outra vez habería que falar da importancia futura da Asociación de Escritores) que sexa quén de abrir vieiros de espallamento exterior, contactos con outras literaturas, intercambios, publicacións fora de Galicia, etc. E por outra banda unha imaxe interior, dentro da nosa sociedade, na que o feito literario (coma outros) é case sempre, no mellor dos casos, unha realidade exótica, marxinal, marxinada, incomunicada coa base social do noso país. ¿Pra quién escribimos todos nós?

Destas e doutras cousas haberá que falar nos próximos días. Hai ponencias abondo. Non imos pensar que de tres días de traballo vaia sair a panacea e a solución de tódolos nosos problemas porque sería unha parvada e unha inxenuidade pola nosa banda. Pero si podemos poñer as primeiras bases dunha nova maneira de entender o traballo, os obxetivos comuns, os alicerces do que é -queirámolo ou non- unha aventura colectiva, pluralista, fermosa e urxente. Saúdos, pois, ó noso Primeiro Congreso.